

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **21 de xuño de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de xuño de 2018 , ás 18.15 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MAIO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de maio de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- NOMEAMENTO DO XURADO DA XV EDICIÓN DO PREMIO DE NARRACIÓN E ILUSTRACIÓN PURA E DORA VÁZQUEZ DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL.-

O presidente dá conta do contido da proposta.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Designar como membros do xurado da edición XV do Premio de Narración e Ilustración Pura e Dora Vázquez de literatura infantil e xuvenil, ás seguintes persoas:

- Don José Manuel Fernández López (proposto polo grupo Popular).
- Don Carlos Rodríguez Calvo (proposto polo grupo do PSdeG.-PSOE).
- Don Mario González Sánchez (proposto polo grupo de Democracia Ourensana).
- Don Xosé Manuel Cid Fernández (proposto polo grupo do BNG).

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA REDE CULTURAL PROPIA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, dá conta do contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que esta Deputación poña en marcha a rede cultural da provincia de Ourense, que agrupe a oferta cultural, musical, escénica e audiovisual, así como a oferta recreativa, de festivais e actividades de carácter senlleiro co obxecto de que os demandantes, entidades locais, entidades sen ánimo de lucro e comisións de festexos, segundo o caso, teñan nunha mesma plataforma acceso a toda a oferta de fomento da cultura, cofinanciada pola institución provincial.

2º.- Que a partir da creación desta rede se establezan unha serie de criterios, como os sinalados nesta moción, que fomenten a diversificación e o aumento da calidade da oferta, así como o acceso en termos de equidade, tanto para as compañías como para as entidades promotoras das actuacións.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18:21 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.